

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6263 *Real decreto 715/2012, do 20 de abril, polo que se crea a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas.*

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, constitúe a transposición ao sistema normativo español da Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) co principal obxectivo de lograr ou manter un bo estado ambiental do medio mariño, como máis tarde no ano 2020, para cuxa consecución se crean as estratexias mariñas como ferramenta de planificación do medio mariño.

A Lei de protección do medio mariño introduce a obriga de elaborar estratexias mariñas, como plans de acción que comportan unha serie de pasos consecutivos: avaliación inicial, definición do bo estado ambiental, identificación de obxectivos ambientais, establecemento de programas de seguimento e posta en marcha de programas de medidas. Ademais, as estratexias mariñas débense actualizar cada seis anos. A lei establece a subdivisión do medio mariño en cinco demarcacións mariñas, para cada unha das cales se deberá elaborar unha estratexia mariña.

Por outra parte, a Lei 41/2010, do 29 de decembro, constitúe un marco normativo uniforme e completo para garantir a articulación das actividades humanas no mar de maneira que non se comprometa a conservación dos ecosistemas mariños, de acordo co enfoque ecosistémico. En consecuencia, a lei incorpora tamén medidas adicionais de protección, como a creación da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España, a protección dos hábitats e especies mariños e a regulación das verteduras no mar, proporcionando así un marco xeral para a planificación e protección do medio mariño no contexto dunha política marítima integrada.

A Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño, introduce a obriga de que as políticas sectoriais que se leven a cabo ou poidan afectar o medio mariño deberán ser compatibles e adaptarse aos obxectivos das estratexias mariñas. O anterior implica a participación activa e a colaboración das administracións que desenvolven actividades no medio mariño. Neste sentido, o artigo 22 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, establece que regulamentariamente se creará a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas.

De acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, a norma de creación da comisión interministerial debe revestir a forma de real decreto.

Este real decreto procede a crear a citada Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas coa finalidade de coordinar a elaboración, aplicación e seguimento da planificación do medio mariño, establecendo a composición e normas xerais de actuación da citada comisión interministerial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2012,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación, natureza e adscrición.*

1. Créase a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas, que terá como función coordinar a elaboración, a aplicación e o seguimento da planificación do medio mariño.

2. Esta comisión interministerial é un órgano colexiado dos previstos no artigo 40.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que se adscribe ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Artigo 2. *Composición.*

1. A Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas terá a seguinte composición:

- a) Presidente.
- b) Vicepresidente.
- c) Vogais.
- d) Secretario.

2. A presidencia da Comisión será exercida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

3. A vicepresidencia da Comisión será exercida pola persoa titular da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

4. Serán vogais da Comisión:

a) Dous representantes, con rango mínimo de director xeral ou asimilado, de cada un dos seguintes departamentos ministeriais: Ministerio de Fomento; Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo; Ministerio de Economía e Competitividade; e Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

b) Un representante, con rango mínimo de director xeral ou asimilado, de cada un dos seguintes departamentos ministeriais: Ministerio de Defensa; Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación; Ministerio do Interior; Ministerio de Facenda e Administracións Públicas; Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; e Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Cada un destes vogais será designado polo respectivo titular do departamento ministerial atendendo á especial incidencia que teñan no medio mariño as áreas competenciais dependentes deles.

5. A secretaría da Comisión corresponderá á persoa titular da División para a Protección do Mar da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que participará nas reunións con voz e sen voto.

6. En función do contido das materias que se vaian tratar poderán incorporarse á Comisión, por invitación da Presidencia, representantes doutros órganos da Administración xeral do Estado así como expertos nas ditas materias para que, con voz pero sen voto, colaboren e asesoren a comisión.

7. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os que integren a Comisión poderán ser substituídos por un representante do mesmo ministerio, previamente designado polo respectivo titular do departamento ministerial.

Artigo 3. *Funcións.*

Sen prexuízo das competencias que corresponden aos distintos ministerios e organismos da Administración xeral do Estado en relación co medio mariño, a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas terá as seguintes funcións:

1. A análise e avaliación da información relacionada co medio mariño que os departamentos ministeriais integrados na Comisión poidan achegar para contribuír á elaboración, aplicación e seguimento das estratexias mariñas.
2. O intercambio de información sobre instalacións, proxectos e plans sectoriais que estean localizados, que afecten ou que se prevexan no medio mariño, co fin de asegurar a súa coherencia coa estratexia mariña que se aprobe para cada demarcación.
3. A análise dos diversos compoñentes das estratexias mariñas elaboradas polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como a coordinación da participación dos departamentos ministeriais integrados na Comisión na avaliación inicial do estado do medio mariño, a definición do seu bo estado ambiental, a identificación de obxectivos ambientais, o establecemento de programas de seguimento e a posta en marcha de programas de medidas, así como na actualización das estratexias mariñas.
4. O seguimento das estratexias mariñas e das actuacións que os diferentes departamentos ministeriais leven a cabo en cumprimento destas.
5. Calquera outra función que, no marco das súas competencias, se lle atribúa por disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 4. *Normas de funcionamento.*

1. A Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas constituirase no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste real decreto.
2. A Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas será convocada coa frecuencia necesaria para o cumprimento dos seus fins, cando o estime necesario o seu presidente, por propia iniciativa ou por petición de polo menos un terzo dos seus membros. En todo caso, convocarase, como mínimo, unha vez ao ano.
3. Non obstante o previsto no número anterior, de acordo co establecido na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, facúltase a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas para que leve a cabo as funcións que ten asignadas por medios electrónicos, mediante procedemento por escrito e sen sesión presencial.
4. O seu funcionamento axustarase ao disposto en materia de órganos colexiados polo capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5. *Grupos de traballo.*

1. Para o mellor desempeño das súas funcións, a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas poderá crear grupos de traballo.
2. Os grupos de traballo formaranse con funcionarios especializados que, para o efecto, designen os respectivos ministerios. A súa constitución e funcionamento regularaos a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas.

Disposición adicional primeira. *Non aumento do gasto público.*

A constitución e o funcionamento da Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas serán atendidos cos existentes medios materiais e persoais do departamento, sen que a aprobación desta norma supoña incremento de gasto público.

Disposición adicional segunda. *Cambios estruturais dos departamentos.*

Cando, debido a cambios estruturais dos departamentos, os órganos previstos neste real decreto desaparezan ou se modifiquen, actuará como vogal o titular do órgano que asumise as funcións do suprimido ou modificado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE